

Federico López Silvestre

A EMERXENCIA  
DA PAISAXE  
na Galicia da Ilustración  
(1700-1833)

Historia da paisaxe, II

Tradución de Marga Neira

BIBLIOTECA NUEVA

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN .....	13
--------------------	----

### PRIMEIRA PARTE A ILUSTRACIÓN GALEGA E AS VIRTUDES DA OBSERVACIÓN

1. UNHA DUCIA DE <i>ALETHOPHILOS</i> .....	19
2. O MAXISTERIO DA EXPERIENCIA .....	23
2.1. Os médicos e os escépticos .....	23
2.2. Os enxeñeiros do Exército .....	33
2.3. Os inicios da reforma na Universidade .....	39
2.4. As institucións de Fomento e os Colexios prácticos .....	45
3. A VISUALIZACIÓN DO TERRITORIO .....	51
3.1. Recepción e primeiros desenvolvementos da nova xeografía en Galicia .....	51
3.2. As técnicas gráficas dos enxeñeiros .....	78
3.3. O debuxo e a xeografía nas institucións de novo cuño .....	88

## ÍNDICE

4.4. Villaamil, os pintores da Armada e a ensinanza do debuxo nas escolas militares .....	281
4.5. A formación de Cancela del Río e Ramón Gil ...	309
4.6. Dos mapas ás paisaxes .....	318
<b>APÉNDICES</b> .....	<b>329</b>
1. Lista de enxeñeiros do Exército e da Armada vinculados con Galicia no século XVIII .....	329
2. Método de Manuel Pardo de Andrade para facer unha descrición topográfica detallada de España .....	336
3. Lista de xardíns dos pazos da Ilustración .....	340
4. Lista das alamedas da Ilustración .....	359
<b>BIBLIOGRAFÍA E SIGLAS</b> .....	<b>361</b>
1. Referencias bibliográficas abreviadas .....	363
2. Bibliografía .....	368
a) Sobre a paisaxe nos escritos da Ilustración .....	368
b) Sobre os xardíns e as alamedas da Ilustración ...	370
c) Sobre as representacións do territorio entre 1700 e 1833 .....	374
3. Siglas de arquivos, museos, bibliotecas e institucións citados .....	378

## INTRODUCCIÓN

A historia da paisaxe estuda o desenvolvemento das prácticas paisaxeiras: o uso do termo paisaxe, da literatura descritiva, da pintura de paisaxe e da xardinería artística. As mesmas son síntomas de certa sensibilidade, de certo modo estético de relacionarse co mundo que nos nosos días alcanzou importancia política. No primeiro tomo da nosa historia da paisaxe mostrei como estas prácticas apenas se desenvolveron en Galicia entre 1517 e 1700. A causa do absentismo da nobreza, o clero foi a principal clientela da arte e da literatura na Galicia dos Austrias. Noutros lugares e noutros momentos esta clientela tería cedido á tentación da paisaxe. Pero, como en Galicia foron anos de auténtico rigor moral e nos templos non se admitiron pinturas profanas, sinxelamente non apareceu o espazo necesario para o florecemento do xénero. Case o mesmo podía aplicarse á poesía e á xardinería.

Neste segundo tomo fago referencia a unha nova etapa, a que ten lugar entre comezos do século dezaioito e mil oitocentos trinta e tres —ano da proclamación de Isabel II como raíña e da realización dos primeiros esbozos paisaxísticos do pintor Ramón Gil Rey—. Nela as prácticas *paisaxeiras*

ou *protopaisaxeiras*<sup>1</sup> experimentan unha gran transformación en Galicia. Agora, aos novos poemas e descrições do país súmanse os numerosos xardíns dos pazos e os primeiros pintores paisaxistas profesionais. A que se debe o desenvolvemento desas prácticas no setecentos? Déronse circunstancias que conveña destacar?

En principio, a cousa non está moi clara. No século XVIII a maior parte da produción impresa galega seguiu sendo relixiosa. De feito, máis ca un século de Lucas, Galicia viviu outro século de sotanas: grazas ás medidas tomadas polo alto clero, os ideais contrarreformistas estendéronse agora con máis forza ca nunca; o ascetismo mantívose en voga e o principal cliente da arte seguiu sendo o clero. A pesar de todo e como acabo de dicir, tamén aquí entre 1700 e 1833 se pode constatar un cambio. Desde que poucos meses antes do acceso ao trono de Luís I, o intendente xeral do Reino de Galicia Rodrigo Álvarez Caballero y Llanes propoña a plantación dunha amena alameda nas inmediacións da Coruña e desde que o padre Feijoo dedique algúns parágrafos das súas obras a introducir sinceras celebracións do contorno, bastantes xardíns, algunhas pinturas e uns cantos poe-

<sup>1</sup> No tomo I, páxs. 15-23, comentaba que resulta incorrecto, por non dicir anacrónico, pensar en termos de paisaxe cando falamos de épocas que, por non ter, non teñen nin palabra para referirse a iso que nós chamamos paisaxe. Esta é a causa pola que investigadores como Alain Roger ou Augustin Berque prefiren usar a noción de *protopaisaxe* para suxerir o que os homes anteriores á difusión do termo paisaxe podían chegar a concibir. Raffaele Milani prefere falar de «paisaxes implícitas». O importante aquí é que, como veremos no tomo III desta historia, en Galicia non será corrente o uso da palabra «paysage» ata comezos do século XIX. Por iso cabe falar de novo neste segundo tomo sobre o século XVIII e comezos do XIX do desenvolvemento da *protopaisaxe* ou das «paisaxes implícitas». As obras de Roger, Milani e Berque, acaban de ser publicadas en castelán na colección «Paisaje y teoría» da editorial Biblioteca Nueva.

## INTRODUCCIÓN

mas poñerán de manifesto que as novas prácticas seguiron abríndose paso en Galicia<sup>2</sup>. Como podemos explicar a curiosa coincidencia cronolóxica que se dá na aparición destas novidades?

Neste caso, a conxectura que manexo é a de que todos eses produtos xurdiron agora das mentes de escritores, artistas e mecenas vinculados cun movemento concreto, unha elite social e intelectual que coincide nas súas propostas co que os historiadores deron en chamar a Ilustración. De feito, a nova mirada sobre o contorno que se poñerá de manifesto no novo repertorio artístico e literario, non só medrará porque algunhas «almas sensibles», adaptadas ás modas internacionais, así o queiran. Para que alguén en Galicia tomase a decisión de seguir o alleo, o que viña de fóra, previamente tiña que estar *predispuesto* a dalo por bo. A transformación do *régime escópico* que se operou nestes momentos, o desenvolvemento dun *ollo ilustrado* propio, ou, noutras palabras, a apertura ao mundo que se promoveu desde certas institucións, xogaríu un papel fundamental neste sentido. Só despois de que un puñado de renovadores comezase a observar con atención o contorno, puido iniciarse a súa explotación como fonte de pracer estético.

<sup>2</sup> Concretamente, neste período pasarase dunha *protopaisaxe de segundo grao* —no que só se poden mencionar algúns brotes das prácticas xardineiras e literarias—, a unha *protopaisaxe* de terceiro grao —na que, ademais de estenderse as representacións literarias e as arquitectónico-espaciais, verá a luz a representación pictórica—. Sobre a evolución da *protopaisaxe*, pode verse Alain Roger: *Breve tratado del paisaje*, Madrid, Biblioteca Nueva, 2007, páxs. 55-57, —1ª ed. París, Gallimard, 1997.